



Instrucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a aplicación do calendario do curso 2022/23 nos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza, e conservatorios superiores de música.

O artigo 7.1 do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, dispón que para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade. Para o desenvolvemento do citado Decreto 198/2007, do 27 de setembro no relativo ás probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, establécese a regulación das devanditas probas a través da Circular 4/2008, do 22 de maio, que na súa disposición xeral I.8. establece que as probas de acceso ao primeiro curso do grao elemental de música se levarán a cabo na segunda quincena do mes de xuño. As probas de acceso a segundo, terceiro e cuarto do grao elemental realizaranse durante a primeira quincena do mes de setembro.

O artigo 6.1 do Decreto 196/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de danza, dispón que para acceder ás ensinanzas de grao elemental de danza será requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade. Para o desenvolvemento do citado Decreto 196/2007, do 20 de setembro no relativo ás probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de danza, establécese a regulación das devanditas probas a través da Circular 3/2009, do 12 de maio, que na súa disposición xeral I.8 establece que as probas de acceso ao primeiro curso do grao elemental de danza se levarán a cabo na segunda quincena do mes de xuño. As probas de acceso a segundo, terceiro e cuarto do grao elemental realizaranse durante a primeira quincena do mes de setembro.

O artigo 3.1 da Circular 21/2008, establece que rematado o período lectivo, na última sesión de avaliación e cualificación no mes de xuño, o profesorado emitirá a cualificación final despois de facer a valoración das aprendizaxes específicas das distintas materias e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos xerais das respectivas ensinanzas de música e de danza, e no marco do proceso de avaliación continua





levado a cabo. Así mesmo no artigo 3.4 da precitada Circular, recóllese que o alumnado que non tivera avaliación positiva nunha ou en varias materias poderá presentarse á proba extraordinaria que os centros organizarán durante os primeiros cinco días hábiles de setembro.

O artigo 11º.1 do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, estipula que para acceder ao primeiro curso das ensinanzas profesionais de música cumprirá superar unha proba específica de acceso. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais, consonte os obxectivos establecidos no precitado decreto. Para o desenvolvemento deste Decreto 203/2007, do 27 de setembro, no relativo ás probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música, establécese a regulación das devanditas probas a través da Orde do 28 de xullo de 2008, que no seu artigo 2.1 estipula que as probas de acceso ao grao profesional de música se realizarán en dúas convocatorias anuais: unha que terá lugar no mes de xuño para o primeiro curso; e outra que terá lugar no mes de setembro para os restantes cursos do grao profesional.

O artigo 4.1 da Orde do 8 de febreiro de 2008, establece que rematado o período lectivo, na última sesión de avaliación e cualificación no mes de xuño, o profesorado emitirá a cualificación final despois de facer a valoración das aprendizaxes específicas das distintas materias e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos xerais das ensinanzas de música, e no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo. Así mesmo no artigo 4.4 da precitada Orde, recóllese que o alumnado que non obtivese avaliación positiva nunha ou en varias materias poderá presentarse á proba extraordinaria que os centros organizarán durante os primeiros cinco días hábiles de setembro.

O artigo 10.1 do Decreto 204/2007, do 11 de outubro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de danza, dispón que para acceder ao primeiro curso das ensinanzas profesionais de danza cumprirá superar unha proba específica de acceso. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais, consonte os obxectivos establecidos no precitado decreto. Para o desenvolvemento deste Decreto 204/2007, do 11 de outubro, no relativo ás probas de acceso ás ensinanzas profesionais de danza, establécese a regulación





das devanditas probas a través da Orde do 13 de maio de 2009, que no seu artigo 2.1 estipula que as probas de acceso ao grao profesional de danza se realizarán en dúas convocatorias anuais: unha que terá lugar no mes de xuño para o primeiro curso; e outra que terá lugar no mes de setembro para os restantes cursos do grao profesional.

O artigo 4.1 da Orde do 11 de febreiro de 2008, establece que rematado o período lectivo, na última sesión de avaliación e cualificación no mes de xuño, o profesorado emitirá a cualificación final despois de facer a valoración das aprendizaxes específicas das distintas materias e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos xerais das ensinanzas de danza, e no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo.

Así mesmo, no artigo 4.4 da precitada Orde, recóllese que o alumnado que non obtivese avaliación positiva nunha ou en varias materias poderá presentarse á proba extraordinaria que os centros organizarán durante os primeiros cinco días hábiles de setembro.

O artigo 3.2 d) da Orde do 10 de marzo de 2009, establece as probas para a concesión do premio fin de grao levaranse a cabo unha vez rematada a sesión de avaliación do fin de curso. Para os efectos de organización académica, a citada proba non se realizará despois do 20 de xuño.

O artigo 7.1 da Orde do 21 de novembro de 2016, pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música, establece que a proba ordinaria de acceso realizarase nos meses de xuño e/ou xullo, e a extraordinaria, de ser o caso, no mes de setembro.

Tendo en conta as particulares características organizativas dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza, e dos conservatorios superiores de música, en tanto que centros de ensinanzas de réxime especial de perfil diferenciado, e para a aplicación da *Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022-23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, cómpre ditar as seguintes instrucións para a organización destas ensinanzas no vindeiro curso académico 2022/23.





Calendario de inicio de curso

1. Segundo o artigo 5, punto 2, da *Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022-23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, as actividades lectivas nas ensinanzas de réxime especial realizaranse desde o día 8 de setembro de 2022 ata o 30 de xuño de 2023, ambos inclusive, de acordo cos calendarios de probas de acceso e probas de certificación establecidos para cada unha delas.

Calendario fin de curso

2.1 A actividade lectiva previa á avaliación final ordinaria desenvolverase segundo o horario habitual establecido para o curso ata o 12 de maio, inclusive.

2.2 A avaliación final ordinaria, de ambos os dous graos, elemental e profesional, desenvolverase entre o 15 e o 18 de maio, en datas e horarios a determinar polos centros. En calquera caso, o proceso de avaliación, incluída a comunicación das cualificacións finais, deberá ter rematado o día 18 de maio. No caso do alumnado matriculado no sexto curso do grao profesional e/ou que estea a cursar o segundo curso do bacharelato, a avaliación das materias cursadas no plan de estudos do conservatorio profesional poderá adiantarse, ao efecto de facilitar no seu caso o remate dos estudos, a posible obtención da titulación correspondente, e a inscrición nas probas de acceso ás ensinanzas artísticas superiores e universitarias.

2.3 As probas de acceso ao primeiro curso do grao elemental, ao primeiro curso do grao profesional, así como a outros cursos do grao elemental e do grao profesional, desenvolveranse a partir do día 19 de maio, e de acordo cos calendarios específicos a tal efecto elaborados polos centros.

2.4 En consonancia co artigo 12 da *Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022-23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, para o desenvolvemento da actividade lectiva posterior ao 12 de maio, as direccións introducirán as modificacións oportunas nos horarios do profesorado, asignando tarefas da súa responsabilidade, dando prioridade á realización das actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias con partes sen superar e, de ser o caso, de preparación das probas específicas de acceso ás ensinanzas artísticas profesionais e superiores de música ou de danza (segundo corresponda) e das probas extraordinarias, de xeito que o profesorado desenvolverá en todo momento e ata a





finalización das actividades lectivas o horario que lle corresponde conforme a normativa vixente.

2.5 A proba extraordinaria será organizada polos centros educativos, e levarase a cabo entre o 16 e o 21 de xuño.

2.6 En aplicación dos puntos 2 e 3 do artigo 12 da *Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022-23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, o período comprendido entre o día 22 de xuño e o 30 de xuño de 2023, ambos inclusive, será dedicado polo profesorado a elaborar os documentos de avaliación, a atención a reclamacións e cantas outras actividades estean relacionadas co final de curso. Todo o profesorado dos centros públicos permanecerá no centro ata o día 30 de xuño de 2023, inclusive. Nese período de tempo, a dirección adaptará o horario do profesorado de acordo coas actividades programadas.

2.7. Así mesmo, durante o período comprendido entre o 15 de maio e o 30 de xuño os centros educativos poderán organizar actividades de carácter extraescolar, a maiores da obrigada actividade lectiva posterior á avaliación final ordinaria e supeditadas a esta.

Conservatorios Superiores de Música

Calendario do primeiro cuadrimestre

3.1 A actividade lectiva desenvolverase segundo o horario habitual establecido para o curso ata o 13 de xaneiro, inclusive.

3.2 O comezo das probas relativas á convocatoria ordinaria realizarase a partir do 16 de xaneiro, inclusive.

Calendario do segundo cuadrimestre

4.1 A actividade lectiva desenvolverase segundo o horario habitual establecido para o curso, desde o 30 de xaneiro ata o 12 de maio, inclusive.

4.2 O comezo das probas relativas á convocatoria ordinaria realizaranse a partir do 15 de maio, inclusive.

Calendario de fin de curso





5.1 O comezo das probas relativas á convocatoria extraordinaria realizaranse a partir do 19 de xuño, inclusive.

5.2. As probas de acceso ao primeiro curso realizaranse de acordo co calendario que se estableza na resolución de convocatoria destas probas.

Cada centro organizará as restantes actividades académicas de acordo co seu proxecto de organización en función do presente calendario. As datas indicadas nas presentes instrucións para o desenvolvemento das distintas actividades de fin de curso non se poderán adiantar en ningún caso; non obstante, e por motivos xustificadas, poderase solicitar a demora das mesmas, que deberá contar coa autorización expresa do Servizo territorial de Inspección educativa respectivo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema

